



Raquel Durán Argibay

Qué nos di a lei sobre atención á diversidade?

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

As administracións educativas disporán dos medios e establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado. A ATENCIÓN INTEGRAL, A NORMALIZACIÓN E A INCLUSIÓN, para que **todo o alumnado** alcance o máximo desenvolvemento PERSOAL, INTELECTUAL, SOCIAL E EMOCIONAL.

ART. 23 DA LOMCE, establece a adaptación dos instrumentos de avaliación ás necesidades e características do alumnado, e ésta será realizada polo docente que imparte a área.

QUÉ SUPÓN A ATENCIÓN EDUCATIVA Á DIVERSIDADE?

Ofrecer un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como as situacións sociais e culturais de todo o alumnado. É a implicación de toda a comunidade educativa.

CAL É A NOSA OBRIGA?

Considerar a diversidade como un ELEMENTO ENRIQUECEDOR para o conxunto da sociedade.

CARA UNHA NOVA ESCOLA

Aspectos	Escuela Tradicional	Escuela Nueva
Concepción de la enseñanza	<ul style="list-style-type: none"> • Absolutización del aspecto externo. • Estandarización. • Métodos directivos y autoritarios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Enfoque en los componentes personales. • Flexibilidad. • Métodos no directivos, dinámicos y participativos.
Concepción del rol del docente	<ul style="list-style-type: none"> • Ejecutor de directivas pre-establecidas. • Limitación de la individualidad y creatividad. • Autoritario, rígido, controlador. 	<ul style="list-style-type: none"> • Papel activo, creador, investigador y experimentador. • Estimulo a la individualidad. • Flexible, espontáneo, orientador.
Concepción del rol del alumno	<ul style="list-style-type: none"> • Sujeto pasivo, reproductor del conocimiento. • Poca iniciativa, inseguridad, escaso interés personal. • No implicado en el proceso. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sujeto activo, constructor del conocimiento. • Creatividad, reflexión, intereses cognoscitivos propios. • Implicación y compromiso.
Relación docente - alumno	<ul style="list-style-type: none"> • El profesor asume el poder y la autoridad como transmisor esencial de conocimientos, quien exige disciplina y obediencia al alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> • Se propicia la democracia y la participación del niño en el colectivo. • Aprender haciendo.

Para que todos estes cambios continúen a darse nas nosas escolas debemos recordar quen somos!

Ser educador é axudar, velar por, e protexer ao alumnado con máis dificultades.

(poñer vídeo coa canción Raise me up)

Temos a moitos dos nosos estudantes, TDAH, ASPERGERS, CON DISLEXIA, TEL, ALTAS CAPACIDADES,...agardando a que os profes que lles ensinemos, lles acompañemos, que os motivemos, que os preparemos para a súa vida futura.

Hoxe en día, unha escola nova é posible. As Metodoloxías para unha aprendizaxe activa avogan por un sistema que poña énfase non só nos contidos, senón tamén nos procesos de pensamento a través dos cales os alumnos aprenden os devanditos contidos: comparar e contratar, análise das partes e o todo, toma de decisións ou análise da información.

Todos aprendemos da experiencia. De feito, o concepto de **LEARNING BY DOING** (ROGER SCHANK), dinos que a aprendizaxe ocorre cando alguén quere aprender, non cando alguén quere ensinar.

A **aprendizaxe natural** cumpre unha serie de condicións que se poden resumir en:

Ten lugar fóra da escola.

É impulsado por metas que se fixa o alumno.

É proxectado á vez polos propios intereses do alumno.

Depende fortemente dos erros, dado que se algo funciona ben a primeira vez non é interesante, non invita a perfeccionar e a mellorar.

É divertido.

Ninguén aprende a patinar ou a montar en bicicleta lendo un libro senón efectuando as devanditas accións e, por suposto, caendo. O fallo ou o erro é unha clave da aprendizaxe natural.

Antes de Schank, atopamos esta preocupación pola educación en moitos pedagogos e académicos coma VIGOTSKY (pai do constructivismo), quen dicía que “o saber que non provén da experiencia, non é realmente saber”.

Para cambiar cara esa nova escola, debemos ser creativos e buscar solucións, o que nos levará á INNOVACIÓN.

Innovar é poñer en marcha ideas creativas, que resultan moitísimo mellor se se traballan en grupo seguindo a Teresa Amabile, dado que os equipos son a base da innovación e a creatividade inherente ás persoas.

Como dicía Albert Einstein, “En tempos de crisis, a imaxinación está por riba do coñecemento”.

DEBEMOS INNOVAR

A continuación falareilles dun mestre, **Manuel Velasco**. Nacido en 1982, este mozo mestre ten unha clara vocación sobre o alumnado e plásmalo no seu blog, un dos máis lidos no sector. Defínese da seguinte maneira, que contén a súa idea de ensino:

Os mestres somos espertadores que espertamos nos nosos alumnos tres ces: Curiosidade, Creatividade e Confianza. Parece obvio que unha das nosas principais tarefas debe ser espertar estas tres ces neles, pero a realidade é que ás veces as cousas máis importantes son tan obvias que rematamos obviándoas». «Un dos principais problemas aos que se enfronta a nosa sociedade, explica Manu no seu blog, é que debido á mala utilización e ao abuso das novas tecnoloxías algúns nenos e adultos presentan un grave déficit, o peor de todos, de realidade. O mundo debe verse e estrearse a través dos ollos e non a través dunha pantalla. Pola contra, estaremos a sobreestimar os nosos alumnos e por ende, farémolos perder a súa capacidade de asombro, a súa curiosidade e a súa creatividade. Non podemos permitir que isto aconteza e, para iso, temos unha solución: converternos en espertadores das tres ces».

Como podemos espertar estas tres ces nos nosos alumnos? Esta é a fórmula de Manuel Velasco:

- **Confiando nos demais.** Así é como se xera confianza. **Confiar nos alumnos, nas súas posibilidades, nos seus talentos, nas súas ideas, nos seus**

esforzos...

- **Confiando nas familias.**
- **Poñendo atención ao importante, ao esencial.**
- **Deixando de saturar de estímulos os alumnos.** Dese xeito adormecemos o seu desexo innato de coñecer e investigar.
- **Tendo paciencia, expectativas realistas** e valorando os seus esforzos.
- **Xerando un cóctel pedagóxico cheo de experiencias que permitan que os alumnos deixen de ser consumidores para converterse en emprendedores.**
- **Cambiando o contexto da escola. Pasando de con-textos a con-vivencias.**
- **Eliminando o exceso de tarefas repetitivas e pouco motivadoras.**
- **Suprimindo a palabra «fast» dos centros educativos porque remata fast-idiándolo todo.**
- **Non deixando que as nosas présas priven do tempo natural que os nosos alumnos precisan para aprender, para crecer, para vivir.**
- **Afastándonos da pirotecnia pedagóxica que enche as clases de mil actividades e de demasiados estímulos. Todo exceso manifesta unha carencia e unha das mellores pedagogías consiste simplemente en estar, un «estar a pelo», baseado na sinxeleza e no disfrute do momento compartido.**

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

- De que maneira estamos desenvolvendo (ou non) as intelixencias múltiples nas nosas aulas?
- Que podería aportar esta teoría á resolución do problema de fracaso escolar que arrastra o noso sistema educativo?

As Intelixencias Múltiples supoñen unha gran ventá aberta para o cambio metodolóxico nas aulas. Supoñen unha maneira diferente de plantexar a educación, na que calquera membro da escola se sinta cómodo, ilusionado, integrado, valorado, motivado.

Esta nova visión da educación, deixa cada vez máis claro que a intelixencia medida a través de determinados test, como pode ser o IQ ou CI, non reflexan a realidade do noso alumnado. Este tipo de tests, presentan unhas preguntas tipo, que valoran as capacidades lóxico-matemática e lingüístico-verbal do noso alumnado. Un valor negativo nestas probas pode supoñer un impedimento na vida futura do alumnado, abocándoo ao fracaso.

O autor da teoría das Intelixencias Múltiples, HOWARD GARDNER, xa reflexionou sobre a validez ou efectividade dos test de intelixencia hai máis de 30 anos. Para comprender a súa teoría debemos partir de que **“confundir o éxito escolar con estar preparado para a vida é un ERRO”**.

Gardner ofrécenos o camiño para que todo o alumnado poida garantir a súa educación. A aplicación das intelixencias múltiples na aula, permítenos contemplar as FORTALEZAS e DEBILIDADES, require dun marco flexible onde se rexistran as fortalezas e onde se realiza unha selección das debilidades para axudar e contribuir ao seu desenvolvemento; pois só se desenvolve aquilo que se traballa. Ten moi presente a DIVERSIDADE, non soamente naqueles nenos/as que presentan unha necesidade específica, senón que inclúe a todos os estudantes; todos presentamos fortalezas e debilidades.

Esta nova maneira de mirar a educación esixe traballo, esforzo e novas visións na hora de dar unha clase. Pero é enriquecedora, motivadora e innovadora, e con elo conseguiremos involucra na aprendizaxe a todos os nosos alumnos. Porque coñeceremos a mellor maneira de achegarlle os contidos, xa que coñeceremos as súas fortalezas, conseguindo así ACTIVAR o seu cerebro. Só aprendemos se estamos ilusionados, motivados, se sinto emoción.

Las Inteligencias Múltiples

Verbal o lingüística

Es valerse del uso del lenguaje para expresar las ideas, para expresar nuestros sentimientos o para persuadir a otros.

Musical o rítmica

Es crear o sentir un ritmo para expresar un estado emocional; detectando y analizando diferentes

Lógica/Matemática

Razonamiento, pensamiento lógico, manejo de problemas matemáticos.

$$a^2 + b^2 = c^2$$

Interpersonal

(consigo mismo)
Comprende su "Yo interior" sus pensamientos y sus emociones muy claramente.

Visual/Espacial

Crear e interpretar imágenes, pensamiento en tres dimensiones.

Intrapersonal

(con las demás personas)
Comprende los sentimientos, necesidades y propósitos de los demás.


Corporal/Kinestésica

Siente y expresa de forma corporal, realizando todos sus trabajos manualmente.

Naturalista

Comprende los patrones, la clasificación y el comportamiento de la naturaleza.





Non podemos pedirle ao noso alumnado motivación, cando nós (mestres) non a temos e non facemos nada para despertar neles a curiosidade.

Debemos achegarnos a cada alumno/a e coñecelo en profundidade, para así coñecer a través de que estilo APRENDE mellor. A educación debe ir avanzando cara a INDIVIDUALIZACIÓN, debe ser persoal, adaptada ás necesidades e curiosidades de cada un.

Os mestres non podemos esquecer que EDUCAR SEN SOÑAR É COMO FACER ARTE SEN CREATIVIDADE (Rótulo na parede da F. CC. Da Educación A Coruña).

APRENDIZAXE COOPERATIVA

Aplicación práctica dos factores centrais da aprendizaxe cooperativa, de acordo coa proposta de Johnson, Johnson e Holubec, e o seu desenvolvemento real na práctica diaria nas aulas.


A aprendizaxe cooperativa debe estar presente nas nosas aulas porque axuda ao mestre ou mestra a elevar o rendemento dos seus alumnos/as. É un pequeno gran paso para a escola inclusiva. O que quero dicir con isto, é que esta metodoloxía fai partícipe a todo o alumnado, tanto se presentan dificultades no proceso de ensinanza-aprendizaxe coma se non. Ademáis, tamén fomenta o establecemento de relacións intrapersoais e interpersoais no grupo, desenrolando as Habilidades Sociais.

Para levar a cabo a Aprendizaxe Cooperativa na aula debemos ter claros os seguintes aspectos:

- A) COOPERA PARA APRENDER: desenvolvemento da competencia laboral e social, leva consigo a atención á diversidade e valores.
- B) APRENDE A COOPERAR: require tempo e esforzo, pero lograrase:
 - 1) Bo clima na aula.
 - 2) Un grupo cohesionada, grazas ao desenvolvemento das habilidades sociais.
 - 3) Reestruturación do espazo-clase.
 - 4) Organizar aos alumnos en EQUIPOS BASE : alumnos dispostos a axudar / alumnos que precisan axuda / grupo intermedio entre dispostos a axudar e deixarse axudar.
 - 5) Implementar estruturas de aprendizaxe.

Traballando por tarefas e indicando un rol a cada membro do grupo, conséguense: unha interdependencia positiva, sentimento de pertenza ao grupo, responsabilidade individual, potenciar a responsabilidade individual e a participación equitativa (pese aos diferentes roles dentro do grupo).

O rol que debe desempeñar o mestre é unha ensinanza activa (Robert Swartz): en primeiro lugar ten que plantexar o que se vai facer (organizar), logo dar instrucións, o terceiro paso é construír grupos cooperativos de traballo e por último, os alumnos deben reflexionar e organizar os seus pensamentos.



Cada grupo cooperativo debe facer un mapa conceptual, de maneira activa e colaborativa.

Sobre cada cuestión que se plantexa na actividade, todos os estudantes, deben facer máis preguntas, dado que a través destas preguntas, facéndoas e respondéndoas, levaran a cabo a tarefa dun xeito correcto e aprendendo.

Os estudantes que traballan xuntos, falando e escoitándose uns a os outros, APRENDEN.

En canto a miña experiencia, na aula de 5º de primaria, a disposición é en grupo cooperativo. Traballan codo-codo e cara-cara. É certo que aínda que nos queda camiño por percorrer, o traballo xa vai dando frutos.

Estas son as actividades que emprego no día a día na aula:

- Alumno guía: dentro do grupo, cada un, ten unha fortaleza (destaca no cálculo, é bo redactando, manexa con destreza as tecnoloxías,...), polo tanto axudará a aquel compañeiro/a que lle supoña unha dificultade.
- Miniquest: lanzamos preguntas sobre os contidos e as explicamos aos nosos compañeiros. Que elabora unha boa resposta, pensa outra pregunta, a cal ya envía a outro compañeiro. Desta maneira comprendemos mellor os contidos e moitas veces, esas cuestións nos levan a plantexarnos outra relacionadas con contidos diferentes.

- Na elaboración dos proxectos, todos os membros poñen a disposición do grupo as súas fortaleza, para así sacar o traballo adiante.

A aprendizaxe cooperativa promove a AUTONOMIA E AUTORREGULACIÓN. Permite desfrutar, compartir, experimentar, construír, innovar, a través do cal conseguiremos motivar e triunfar. Iso sí, sempre tendo presente que o verdadeiramente importante é o proceso, non o resultado. Un erro soamente me amosa un camiño trabucado, e obrígame a pensar noutro camiño alternativo que me leve á resposta axeitada. Todo o mundo debería pararse e pensar, para facer ou tomar unha mellor elección/decisión.



O traballo cooperativo axudará a desenvolver as seguintes características no noso alumnado:

Interdependencia positiva

A percepción de que cada membro do grupo non pode ter éxito sen que os demais o teñan parte dunha relación de “**afundirse ou nadar xuntos**”. Como dirían os tres mosqueteiros “**un para todos e todos para un**” exemplifica a creación desta relación de interdependencia positiva.

Os mestres podemos estruturar esta interdependencia establecendo un **obxectivo compartido** que esixa aos alumnos estar pendentes da aprendizaxe dos demais igual que do propio.

Responsabilidade individual

Cada membro do grupo cae na conta de que o seu esforzo se necesita para que o grupo teña éxito e non hai posibilidade de “free ride” (ir por conta propia). Darse conta de que “remamos todos ou nos afundimos” axuda aos grupos a fixarse nos membros que necesitan máis axuda para asegurarse de que o proxecto sae para adiante.

Deste xeito, aseguramos este esforzo persoal facendo que os grupos traballen xuntos, pero dando tamén un examen individual, comprobando a aprendizaxe de membros del grupo ao azar.

Interacción fomentadora cara a cara

Os membros do grupo promoven a aprendizaxe dos demais axudando, compartindo e animando os esforzos de aprender. Os alumnos han de estar “xeonllo con xeonllo, ollo con ollo” para explicar, debatir e ensinar uns aos outros.

Debemos colocar aos alumnos en pequenos grupos, pechados, separados doutros grupos e vendo a parte frontal da aula.

Habilidades interpersoais e de pequeno grupo

As destrezas cooperativas inclúen varios comportamentos como o liderazgo, a construción da confianza, a comunicación, a toma de decisións e a resolución de conflitos.

Observar (seguir), intervir e procesar

Os membros do grupo necesitan coñecer cómo está funcionando o grupo, falar sobre cómo están alcanzando os obxectivos e manter relacións efectivas entre os membros e planificar maneiras de ser incluso máis eficaces. Mentres os alumnos traballan en grupos cooperativos, os mestres supervisan o traballo e as súas interacción e nalgúns ocasións interveñen para procesar e axudar aos grupos.

Esta maneira de traballar implica que debemos ter en conta os diferentes estilos de aprendizaxe que ten cada alumno. Neste proceso, Gardner ofrécenos o camiño para que todo o alumnado poida garantir a súa educación. A aplicación das intelixencias múltiples na aula, permítenos contemplar as FORTALEZAS e DEBILIDADES, require dun marco flexible onde se rexistran as fortalezas e onde se realiza unha selección das debilidades para axudar e contribuír ao seu desenvolvemento; pois só se desenvolve aquilo que se traballa. Esta teoría ten moi presente a DIVERSIDADE, non soamente naqueles nenos/as que presentan unha necesidade específica, senón que inclúe a todos os estudantes; todos presentamos fortalezas e debilidades.

Esta nova maneira de mirar a educación esixe traballo, esforzo e novas visións na hora de dar unha clase. Pero é enriquecedora, motivadora e innovadora, e con elo conseguiremos involucra na aprendizaxe a todos os nosos alumnos. Porque coñeceremos a mellor maneira de achegarlle os contidos, xa que coñeceremos as súas fortalezas, conseguindo así ACTIVAR o seu cerebro. Só aprendemos se estamos ilusionados, motivados, se sentimos emoción.

Por suposto, non podo deixar de falar da creatividade, pois un proxecto coma este, debe ser CREATIVO, pois o que pretendo acadar é a mellor maneira de achegarme aos meus alumnos, coñecendo, ou polo menos intentándoo, “o seu elemento”.

CREATIVIDADE

Recoñecemento do seu Elemento. Atopar o medio que estimula a túa imaxinación, co que che encanta xogar e traballar, é un paso importante para liberar a túa enerxía creativa.

Na miña historia vincúlome con esta cita, porque cando verdadeiramente descubrín o que me facía estar esperta, investigar, buscar maneiras diferentes de presentar a información, foi durante a carreira universitaria, sobre todo no período de prácticas.

Estou completamente de acordo con Ken Robinson na súa afirmación de que non basta con atopar ese elemento, senón que require da paixón. Sentimento, ao meu parecer fundamental, xa que se ti pos paixón en todas as actividades que queres levar a cabo, chegas dunha maneira moito máis rápida e directa aos teus alumnos/as. Por suposto, tendo sempre en conta a diversidade que está presente na aula.

Non é moi frecuente atopar persoas que te transmitan verdadeiramente paixón polo seu traballo, pero é ben certo que cando a atopas, ves claramente que a creatividade non xorde por arte de maxia, senón que a nosa imaxinación traballa de maneira continuada, xerando ideas diferentes, innovadoras, motivadoras, que nalgúns casos danos uns grandes resultados, noutros non tantos. Pero que sería da creatividade se non cometésemos erros?

Tal e como lle digo aos meus alumnos, un erro soamente é unha pedriña que atopei no camiño, non me pode facer sentir vergoña, senón que o teño que ver como unha nova oportunidade. Un interrogante que debo solventar para poder avanzar dun xeito máis creativo.

A creatividade é a imaxinación aplicada.

Con esta segunda cita identifícome, porque sempre estou na procura de novas metodoloxías, camiños diferentes de presentar os contidos aos meus alumnos, ben sexa empregando as novas tecnoloxías, realizando xogos, representación teatrais, elaborando materiais manipulables,...En definitiva, buscando a mellor maneira de achegarme aos meus alumnos, coñecendo, ou polo menos intentándoo, "o seu elemento".

Recoñezo, que sinto verdadeira vocación pola ensinanza, e considero que grazas a este sentimento, o grao de implicación que acado no meu traballo é elevado.

O novo paradigma do Elemento ten que ver con permitirnos acceder a todas as formas nas que se experimenta o mundo e descubrir onde se atopan os verdadeiros puntos fortes de cadaquén.

Esta cita, reflexa claramente cómo de importante é achegarnos aos alumnos/as para ensinalles a través de diferentes estilos de aprendizaxe, xa que con isto conseguiremos potenciar as súas fortalezas e grazas a elo, sentiranse cada vez máis seguros de sí mesmos. Como consecuencia, a súa imaxinación traballará e todos mostrarán o seu lado creativo.

Os maiores obstáculos para atopar o Elemento aparecen na escola. Isto débese en parte á xerarquía das materias, o que significa que moitos estudantes nunca chegan a descubrir cales son os seus verdadeiros intereses e talentos.

Pola contra, non podemos pechar os ollos, xa que en moitas ocasións, o cumprimento do currículo, lévanos a caer na rutina e deixar de lado a innovación. Afortunadamente, sobre todo para o noso alumnado, esta situación está cambiando, pois o traballo cooperativo, as intelixencias múltiples, manifestan que outra forma de ensinar é posible, e aínda máis, é efectiva.

PAPEL DAS TICs NA NOVA ESCOLA

UN NOVO MODELO DE APRENDIZAXE

Un desafío incuestionable na educación é o uso das TIC. Poder usar as TIC como aliadas dos procesos de aprendizaxe, equilibrando o seu papel como ferramenta, sen esquecer que no centro da acción educativa está o alumno que aprende, o profesor que ensina e os contidos e actividades que axudan a construír o coñecemento.

Debemos empregar os recursos que temos ao noso alcance de xeito adecuado, non por empregar a PDI en lugar da pizarra tradicional, xa estamos sendo "innovadores".

Na actualidade existen multitude de videoxogos, aplicacións, "Webquests" ou "Cazas do Tesoro" xa dispoñibles para usar.

Hai moitas gratuítas e outras de pago.

Os expertos en TIC axúdannos a través de distintas recompilacións a ir identificando as mellores e a ter datos sobre o seu uso.

Para finalizar, gustaríame comentar brevemente un modelo, que ao meu parecer, axuda moito á hora de motivar aos nosos alumnos.

Trátase do **Flipped Classroom** é un modelo pedagóxico que nos obriga a repensar os tempos da aprendizaxe. O tempo da aula transfórmase nun tempo para a acción e construción do coñecemento grazas ao uso das TIC.

O alumno le, observa e escoita os contidos fóra da aula para poder dedicar as clases a realizar un traballo máis activo e de comprensión sobre eses contidos.